

ENCUENTRO PARA PITIS

ILLA SAN SIMÓN
12-14.09.25



RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROYECTOS
MAGNÉTICOS

RPM

ADRIAN RIVEIRO | ALBA CASAS | ALBA FERNÁNDEZ | ALBERT
TARRATS | ALEJANDRA BALBOA | ALEXIS FERNÁNDEZ | AMAIA
PÉREZ LARUMBE | ANA ERDOZAIN | ANTÓN GONZÁLEZ | AN-
TÓN YANGUAS | ANTONIO GIRÁLDEZ | BAL CASTRO | BLANCA
TOLSÁ | CATERINA VARELA | DANIEL LEZSO | DAVID MARIN |
EUYÍN EUGENE | FÉLIX FERNÁNDEZ | GENA BAAMONDE | IÑAKI
MARTÍNEZ | ISABEL DO DIEGO | ISOLDA COMESAÑA | JACOBO
SUTIL | JAVIER HERNANDO | LAURA FREIRE | LAURA TABARÉS |
MARCIA VÁZQUEZ | MARTA ALONSO | MARTA AZPARREN | MI-
KOLAJ BIELSKI | NATALIA BALSEIRO | NATALIA FERNANDES |
NÉSTOR DA SILVA | NIEVES LEMA | OLGA ROMASANTA | PAU-
LA MOLINER | PILAR PORTELA | RIE OKADA | ROCÍO BELLO |
RUBÉN VILANOVA | RUT BALBÍS | SARA TRABA | SUEVIA ROJO



NOVE ANOS DE EN- CON- TRO

Encontro Paraíso Illa San Simón é a cita anual do programa Residencias Paraíso que terá lugar entre o 12 e o 14 de setembro de 2025 na Illa San Simón (Redondela, Pontevedra).

O encontro, no que participan todos os artistas Paraíso 2025 e numerosos profesionais convidados de dentro e de fóra de Galicia, está pensado para compartir os procesos artísticos en residencia desenvolvidos durante o ano e para xerar un espazo de coñecemento conxunto.

Ademáis, nesta novena edición ampliamos as residencias na propia Illa San Simón a longo de dez días con tres artistas convidadas.

O encontro procura atoparnos na intimidade dunha illa tan singular como a de San Simón para unha convivencia intensa e, ogallá, moi nutritiva para todas as artistas e profesionais convocadas.

Grazas por facelo posible.



PRO- GRA- MA

VENRES 12 DE SETEMBRO

11.00 h Saída do barco do Porto de Cesantes
13.00 h Presentación | Colectivo RPM
14.00 h Xantar
16.00 h Presentación | Daniel Lezso
17.00 h Presentación | Alba Casas & Adrian Riveiro
18.30 h Presentación | Isabel Do Diego
21.00 h Cea

16.00 h Presentación | Rocío Bello & Javier Hernando
17.00 h Presentación | Antón Yanguas
18.30 h Presentación | Natalia Fernandes & Marta Azparren
21.00 h Cea
22.30 h Presentación | Blanca Tolsá

SÁBADO 13 DE SETEMBRO

09.00 h Almorzo
10.30 h Presentación | Isolda Comesaña
12.00 h Presentación | Suevia Rojo
14.00 h Xantar

DOMINGO 14 DE SETEMBRO

09.00 h Almorzo
10.30 h Presentación | Euyín Eugene
12.00 h Presentación | Bal Castro
14.00 h Xantar
17.00 h Saída do barco da Illa

>

DA- NIEL LEZSO



PORTADA |

INTRODUCCIÓN |

PROGRAMA |

ARTISTAS |

PARTICIPANTES |

COLECTIVO RPM

● ● ● **Meu Rei**

Residencias Illa San Simón 2025

DA- NIEL LEZSO

Meu Rei é un proxecto de creación escénica que explora a espiritualidade e unha peza de danza contemporánea que afonda nas feridas herdadas da masculinidade. A través dun corpo que oscila entre a contención e a explosión, traza un percorrido íntimo cara ás raíces da identidade, do xénero, e a relación que temos co ego.

Con un vocabulario físico que entrelaza a crudeza do butoh e a expresividade do voguing, *Meu Rei* transita o conflito entre o que nos ensinaron a ser e o que, en liberdade, podemos reconstruír. Escuridade, fragilidade e desexo encárnense en escena para abrir un espazo de catarsis e transformación. Máis que unha coreografía, é unha cerimonia corporal onde a danza se volve memoria, ruptura e renacemento.

Daniel Lezso é bailarín, actor e performer por vocación, por amor á arte, como manifesto corpóreo dunha revolución silenciosa. Desenvolve o seu traballo dende a práctica corporal e a creación escénica como espazos de reflexión e cuestionamento das normas impregnadas de testosterona: a masculinidade hexemónica. Formado en danza contemporánea, arte dramática e ioga, transita entre estes campos coa vontade de romper marcos únicos de lectura e producir outras narrativas posibles. Desenvolve creacións propias e participa como intérprete en videoclips e montaxes escénicas tanto en Galicia como no estranxeiro. Na actualidade, continúa afondando na construción dunha danza que cuestione os roles de xénero dende unha ollada íntima e ancestral, procurando abrir espazos de vulnerabilidade e resistencia dende o corpo.

>

ALBA CASAS & ADRIAN RIVEIRO



● ● ● Lobes Salvaxes

Residencias Illa San Simón 2025

ALBA CASAS & ADRIAN RIVEIRO

Lobes Salvaxes é un proxecto de creación escénica que explora a é unha investigación situada que medra no seo da tese doutoral de Alba Casas e que se transforma dende a colaboración co artista Adrian Riveiro. Adentramonos no imaxinario do salvaxe e do monstruoso dentro da nosa cultura galega a partir figura do lobo e da licantropía, abordando unha simboloxía disidente que subvirte a historia oficial e propón unha mirada crítica e emancipada fronte á norma. Nun tempo de disciplinamento dos corpos e das identidades, os lobos/lobas/licántropxs emerxen como metáfora dun desorde necesario. Seres que desobedecen as lóxicas binarias de sexo e xénero, corpos que resisten ao intento de domesticación e control. A súa presenza convírtese nunha ferramenta para pensar a disidencia sexual e de xénero en Galicia: un mapa de violencias e tamén de resistencias.

Alba Casas é unha artista multidisciplinar e investigadora pre-doutoral galega. Cun forte vínculo co territorio e unha práctica híbrida que dissolve os límites tradicionais, o seu traballo rastrea corpos e seres que desafían as ordes impostas no contexto galego, detectando as fendas das lóxicas hexemónicas binarias para redefinir a realidade. A través da entrelaza entre a creación artística e a investigación académica, busca elevar o cotián, configurando novos espazos rurais, colectivos e redes de solidariedade.

Adrian Riveiro, antiacadémico e autodidacta, crea entornos visuais e sonoros fóra dos círculos académicos contribuíndo ca universalización das perspectivas artísticas contemporáneas en zonas non englobadas nos espazos convencionais do arte.

>

ISABEL DO DIE- GO



PORTADA |

INTRODUCCIÓN |

PROGRAMA |

ARTISTAS |

PARTICIPANTES |

COLECTIVO RPM

● ● ● **Brutalismo**

Residencia Paraíso 2025 | Cidade da Cultura & Salón Teatro – CCG

ISABEL DO DIE- GO


Brutalismo é un concerto-escénico que pecha sete anos de traballo de Isabel Do Diego. Un site-specific que no seu formato álbum terá forma de EP. Onde comeza e onde remata o folclore do século XXI? É a electrónica, como xénero permeable, o seu contedor máis inherente? É posible crear un universo atávico-musical no pleno século XXI?

Para poder imaxinar, crear e materializar ***Brutalismo***, Isabel Do Diego interésase polas prácticas máis atávicas e minimalistas do folclore en relación á súa sonoridade, a súa musicalidade, a súa festividade e a maneira de poñer o corpo na escena para a súa execución. O corpo como instrumento total. O corpo-médium que necesita ser mostrado, o máis austero posible, para encarnar a música da maneira máis directa e rotunda. Atravesar ao público e habitar a electrónica como folclore en si mesmo.

Isabel Do Diego –alter ego do artista andaluz Juan Diego Calzada– desenvolve un folclore austero, brutalista e sacralizado. O seu queixío electrónico abre un corpo á fuxida que traza unha nova perspectiva sobre o folclore andaluz. A súa música é unha prótese folclórica que transcende os espazos que a carne non pode habitar. Un ser híbrido. Un corpo que, na escena, camiña entre o humano, o animal e o espiritual. Entre a familiaridade rural e o extrañamento futurista, Isabel Do Diego habita un universo escénico de gritos e sussurros, de melodías tradicionais xunto a sonoridades quebradas, de ecos rurais e industriais, de mensaxes herexes e oracións, de fantasías sexuais e emocións castas. E moitos beats, samplers e sintetizadores. O seu cante e baile son monstruosos e de electrónica sacralizada. Un trampantojo escénico que, como alegoría, non é racional nin clasificable.

>

ISOL- DA CO- MESA- ÑA



PORTADA |

INTRODUCCIÓN |

PROGRAMA |

ARTISTAS |

PARTICIPANTES |

COLECTIVO RPM

● ● ● **Sagrado corazón**

Residencia Paraíso 2025 | Capela do Pilar de Corcubiión

ISOL- DA CO- MESA- ÑA

Sagrado Corazón é unha investigación escénica – entre poesía, danza, videoproxección e instalación– arredor do desexo, a divindade, o privilexio e a vinganza, que partindo dunha cartografía do corazón a través da vulnerabilidade e a apertura nun sentido emocional, escolle o marco estético da Idade Media europea: cabaleiros de armadura, espadas, dragóns e unicornios. Que teñen que ver todas estas lendas coa construción de Europa como entidade? Como contribúe este imaxinario medieval á identidade europea? Cando, como e por que se constrúe o relato do cabaleiro medieval cristián e que relación ten coa presenza musulmá? Canto de relato contemporáneo hai na nosa visión dese pasado que, en realidade, non coñecemos tanto? Canto de racismo e etnocentrismo hai nesa construción? Foi ou é Europa branca, cristiá e nobre?

Isolda Comesaña é unha creadora e actriz formada en Interpretación Xestual pola ESAD que actualmente estuda o Mestrado de Igualdade, Xénero e Educación pola USC, ademáis de Ciencias Ambientais pola UNED. Dende 2022 crea obra propia e en 2024 resultou gañadora do 1o premio do Xuventude Crea na categoría teatro coa súa peza “Prázdno”, un traballo Fin de Estudos arredor da deconstrución da feminidade desde o hexemónico até o grotesco. Participou coma actriz de reparto no filme de Irati Gorostidi “Anekumen / Aro Berria”, e na produción do Centro Dramático Galego “Os actos e as profecías”.

V

SUE- VIA ROJO



PORTADA |

INTRODUCCIÓN |

PROGRAMA |

ARTISTAS |

PARTICIPANTES |

COLECTIVO RPM

● ● ● **Incorpórea**

Residencia Paraíso 2025 | O Vello Cárcere de Lugo

SUE- VIA ROJO

Incorpórea pretende retratar a entrada nun corpo que existe non pola súa imaxe, senón por aquilo que é esencialmente interno. É un chamamento a recoñecerse por dentro, de auto-investigación e auto-cuestionamento sobre o que fai definirse a un mesmo. Trátase de mirar esencialmente cara adentro, onde as diferentes capas que compoñen a conciencia sobre un mesmo se revelan como mapas vivos de experiencias, desexos e contradicións constantes, sendo a intersección entre o que sentimos e o que pensamos ser. O corpo deixa de ser só un espazo que contén información e convértese nun lugar de procura. Convértese nun xesto de vulnerabilidade e poder: vulnerabilidade para afrontar os propios abismos; poder para resignificalos. Unha investigación que invita a transformar eses procesos internos en linguaxe corporal, a darlles luz incluso cando intentan ser agochados.

Suevia Rojo é unha bailarina e performer freelance, nacida en Santiago de Compostela en 2002. Mudouse a Oporto aos catorce anos para dar continuidade aos seus estudos en danza. Entre 2020 e 2022 estudou no programa intensivo Performact (Torres Vedras) onde tivo a oportunidade de traballar con varios artistas internacionais e onde comezou a desenvolver a súa propia identidade na danza e na performance. A súa investigación artística explora como o corpo pode ser abordado como un espazo de memoria, creando un diálogo interno entre estados físicos e emocionais. A través do movemento, investiga a conexión entre conciencia e instinto, transformando a vulnerabilidade en forza e a experiencia interna en forma física.

>

ROCÍO BELLO & JAVIER HER- NANDO



PORTADA |

INTRODUCCIÓN |

PROGRAMA |

ARTISTAS |

PARTICIPANTES |

COLECTIVO RPM

● ● ● Ensayo

Residencia Paraíso 2025 | O Vello Cárcere de Lugo & Pazo da Cultura de Narón

ROCÍO BELLO & JAVIER HER- NANDO

Ensayo é un proxecto de investigación artística a partir dalgúns xestos humildes que pasaron desapercibidos para a Historia e que promoven pequenas formas de resistencia baseadas na infracción, a poesía e a recuperación dos tecidos comunitarios. O proxecto trata de inventar xenealoxías e empurrar outras posibilidades para un tempo por vir. Quere-mos utilizar o teatro como campo de probas para poñer en marcha prácticas e pensamentos que nos axuden a fundar outra maneira de relacionarnos co noso pasado e imaxinar algún futuro. ¿Poden as artes vivas poñer en marcha propostas que nos axuden a conquistar o bo vivir? Creemos que, dalgún xeito, si.

Rocío Bello y Javier Hernando levan facendo cousas xuntos máis de dez anos, tamén con outros artistas. Javier Hernando fundou xunto a Miguel Rojo a compañía Los Bárbaros. Los Bárbaros desenvolveron proxectos como “Las explicaciones” (Centro de Cultura Contemporánea Conde Duque), “Obra infinita” (Centro Dramático Nacional) ou “Obra Imposible” (Centro de Cultura Contemporánea Conde Duque), nos que participou Rocío Bello como actriz, dramaturga e deseñadora de vestiario. Rocío Bello colaborou nas últimas pezas da artista Cris Blanco e a súa obra “Mi película italiana” estreouse no Teatro Español de Madrid baixo a dirección de Salva Bolta. Javier Hernando publicou libros de poesía como “Una clase de escritura” (La Uña Rota, 2025).

>

ANTÓN YAN- GUAS



PORTADA |

INTRODUCCIÓN |

PROGRAMA |

ARTISTAS |

PARTICIPANTES |

COLECTIVO RPM

● ● ● Open Call

Residencia Paraíso 2025 | Casa da Cultura de Vimianzo

ANTÓN YAN- GUAS

Open Call traballa en relación ao enfrontamento do bailarín coa súa autoexposición como imaxe fronte á súa propia obra. Boa parte do traballo nas artes escénicas non acontece no estudio, senón diante do ordenador, elaborando e presentando candidaturas que deben expresar o valor engadido desa obra para que poida levarse a cabo. Partindo desta reflexión, o proxecto *Open Call* formula varias preguntas: ¿non deberíamos entender o márketing que rodea ao traballo do creador doutra maneira? Porque é algo máis complexo que un simple “saber venderse”, xa que o márketing da imaxe é esa premissa desde a que se parte. O traballo nunca remata e sempre pode transformarse, mais das premisas hai que render contas. Entón, será que somos moito máis imaxe do que pretendemos? ¿Sería posíbel unha danza sen comentario?

Antón Yanguas é un bailarín, intérprete e creador galego que vive entre A Coruña e Porto. Ademais dos seus estudos en Filosofía, formouse en danza contemporánea, ballet, acrodanza e contorsión. Traballou como intérprete con Mónica Calle en *Só eu tenho a chave desta parada selvagem*, e en *Pleasures Unknown*; como performer baixo a dirección de Gonçalo Lobato en *Túnel do tempo*; e como actor, cantante e bailarín participou nos musicais *Peter Pan* e *Tarzan*, ambos dirixidos por Filipa Guedes. Traballou como bailarín no espectáculo *Grito das Bailias*, da compañía MD5 de Dança, e actualmente forma parte do espectáculo residente do Casino de Espinho Lusitânia – *The Show*, dirixido por Ricardo Sousa.



NATALIA FERNAN- DES & MARTA AZPA- RREN



● ● ● Cerrados y dormidos los ojos bailan

Residencia Paraíso 2025 | Igrexa da Madalena de Ribadavia

NATALIA FERNANDES & MARTA AZPARREN

Cerrados y dormidos los ojos bailan é un diálogo entre a Anatomía Inventada de Natalia Fernandes e o Cine Ciego de Marta Azparren. Deste encontro, as dúas creadoras inician unha investigación que propón a construción do corpo imaxinario dunha non-bailarina posible (aquela que ocupa o negativo da bailarina), a creación colectiva da súa anatomía tan precisa como imposible e xerar unha conciencia sobre a mirada do público e a súa posición política diante dos discursos impresos no corpo en movemento.

Nun proceso que pensan sempre aberto, Marta e Natalia teñen o desexo, na súa estancia en Ribadavia, de revisitar o material teórico e escénico explorado deste primeiro encontro para seguir investigando e buscando as estratexias performativas de como traducir este diálogo co público co desexo de transformar e seguir bailando cos nosos ollos.

Natalia Fernandes é unha intérprete e creadora brasileira establecida en España dende 2017. A súa formación en danza desenvólvese entre o contexto universitario e a escena contemporánea paulista. En 2017, iniciou a súa investigación sobre o método *Anatomía Inventada* e as colaboracións con outros artistas. Actualmente traballa no seu novo proxecto escénico *Objeto Não Identificado* (coprodución do Mercat de Les Flors e Conde Duque).

Marta Azparren é unha artista visual non visual. Móvese entre o cine experimental/expandido, as artes vivas e o debuxo. O seu traballo adoita ocuparse da actividade artística atendendo ás conexións entre creadorxs, espectadorxs, obra e maquinaria interna da mediación, a produción e a exhibición. A mirada diríxese, ademais, cara ao non visual no visual, o que tende a desaparecer. É autora do ensaio *Cine ciego*.

V

BLAN- CA TOLSÁ



PORTADA |

INTRODUCCIÓN |

PROGRAMA |

ARTISTAS |

PARTICIPANTES |

COLECTIVO RPM

● ● ● Parafonías

Residencias Illa San Simón 2025

BLAN- CA TOLSÁ

Cando dúas ondas sonoras coa mesma frecuencia entran nun lixeiro desfase, o oído humano percibe a súa fricción como unha terceira nota. **Parafonías** propón unha experiencia sensorial na que as relacións intuitivas entre o movemento e o son se distorsionan, abrindo un espazo ao mesmo tempo estraño e familiar que esperta a nosa curiosidade e empatía. Que pasaría se, nun acto comunicativo, a voz e o xesto non foran exactamente da man? As intencións do corpo ou da voz desvíanse, creando un territorio onde o significado se pon en dúbida e o imaxinario transfórmase.

Blanca Tolsá naceu en Ontinyent (València) en 1991. É titulada polo Conservatori Professional de Dansa do Institut del Teatre de Barcelona e iniciou a súa traxectoria como bailarina con IT Dansa. Desde 2016 traballou como intérprete con Lipi

Hernández, Ariadna Montfort, Raquel Klein, Roberto Zappalà, Albert Quesada, Magdalena Garzón, Jacob Gómez, Anna Macau, Constanza Brncic, Núria Guiu, Paloma Muñoz Siberia, Georgia Vardarou e Joao Lima. En 2019 inicia a súa creación artística. O foco da súa investigación céntrase en deconstruír as asociacións entre a voz e o movemento para dar lugar a novos imaxinarios. En 2021 crea a súa primeira peza, Ecoica, presentada nos festivais Dansa València e Dansa Metropolitana. En 2024 é artista emerxente do Graner, onde desenvolve Parafonías, estreada na Caldera dentro do Festival Dansa Metropolitana. Ao longo da súa carreira como intérprete foi galardoada cos Premis Butaca á mellor intérprete feminina en danza 2020 por Wu Wei, da coreógrafa Raquel Klein, e cos Premis de la Crítica en 2024 por La Quijá, de Siberia Paloma Muñoz.

>

EUYÍN EUGENE NE



● ● ● **Tuerce**

Residencia Paraíso 2025 | Cidade da Cultura & Salón Teatro – CCG

EUYÍN EUGENE— NE

Tuerce é un proxecto de investigación artística do artista transmasculino nacido en Venezuela, Euyín Eugene, que, poñendo a disforia de xénero no centro, propón un espazo de diálogo e exploración expandida a través das prácticas artísticas de creadores trans e persoas non binarias. ¿Que diría a disforia se puidese falar a través dun corpo? O corpo trans e non binario, a través da súa experiencia, torce, vira, altera, desvía, mobiliza e permite desnaturalizar o sistema sexo-xénero.

Euyín propón xerar unha peza na que, poñendo o seu corpo no centro, conflúan voces, sons e texturas que evoquen o tránsito dun corpo que decidiu autodeterminarse no medio do sistema sexo-xénero, colaborando en escena con Íren Márquez Dos Santos para a creación das paisaxes sonoras que atravesarán o dispositivo escénico.

Euyín Eugene é creador visual, escénico e xestor cultural. Graduado en arte dramática pola Universidade Nacional Experimental das Artes de Caracas. A súa práctica artística centrouse na performance e na creación de espazos para o seu desenvolvemento. Traballa arredor de procesos nos que se entrelazan a experiencia encarnada e os acontecementos políticos e sociais que a atravesan e condicionan. Interésalle colectivizar os procesos e xerar espazos de diálogo. Son temas recorrentes nas súas propostas as relacións de poder, a migración, o xénero e a memoria histórica. O seu traballo foi programado en diversos espazos e institucións como La Casa Encendida, La Parcería, Juf, Espacio Afro e o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía.

>

BAL CAS- TRO



● ● ● **Instinto desexo**

Residencia Paraíso 2025 | Pazo da Cultura de Carballo

BAL CAS- TRO

Instinto desexo é o primeiro traballo en solitario de Bal Castro, un proxecto de corte autobiográfico no que fala da capitalización do seu corpo e do seu erotismo, da utilización da súa imaxe como principal medio para conseguir ser validado, sendo o sexo a súa moeda de cambio. Unha proposta na que reflexiona sobre a proxección da súa imaxe nos outros, proxección que pode suscitar un desexo dependendo da persoa que a mire. Ese desexo convértese no motor que o move cara ao seu último obxectivo: a procura insaciable de amor.

Todos temos un capital sexual que utilizamos consciente ou inconscientemente, todos temos algo que nos fai desexables. Unha reflexión sobre a hipersexualización e a mercantilización da nosa imaxe e dos nosos corpos no noso contexto social actual.

Bal Castro é un actor e bailarín formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Tamén formado en danza contemporánea en Oficina Zero da man da coreógrafa e artista Mafalda Deville, Porto. Complementa a súa formación en danza contemporánea da man de Olga Cameselle. Actualmente forma parte do proceso creativo de danza contemporánea da man do colectivo ICODACO. No 2023 realiza as Residencias Paraíso xunto a Inés Santos co proxecto “TRANSPARENTAR” e colabora con distintos artistas e proxectos. Xunto a Inés Santos crea ENÉSIMA, unha compañía compañía centrada nas artes do movemento que nace como un espacio de liberdade creativa no que poder expresar as súas inquedanzas artísticas.



PAR- TICI- PAN- TES

Adrian Riveiro

Artista (Galicia)

Artista Paraíso Illa San Simón 2025

Alba Casas

Artista (Galicia)

Artista Paraíso Illa San Simón 2025

Alba Fernández

Artista (Galicia)

Artista Cruceiros Paraíso 2025

Albert Tarrats

Artista (Cataluña)

Artista Paraíso Illa San Simón 2025

Alejandra Balboa

Artista (Galicia)

Presidenta PAM Galicia

Alexis Fernández

Artista (Galicia)

Producción Residencias Paraíso & Socio fundador RPM

Amaia Pérez Larumbe

Xestora cultural (Madrid)

Equipo LABEA | Festival Arbola (Pamplona)

Ana Erdozain

Artista (Galicia-Madrid)

Artista Cruceiros Paraíso 2025



Antón González

Xestor cultural (Galicia–Madrid)

Responsable de Alianzas en Concomitentes

Antón Yanguas

Artista (Galicia)

Artista Residencias Paraíso 2025

Antonio Giráldez

Arquitecto, editor e investigador (Galicia)

Co-coordinador Leira (Lugo)

Bal Castro

Artista (Galicia)

Artista Residencias Paraíso 2025

Blanca Tolsá

Artista (Cataluña)

Artista Paraíso Illa San Simón 2025

Caterina Varela

Artista e xestora cultural (Galicia)

Directora Residencias Paraíso & Socia fundadora RPM

Daniel Lezso

Artista (Galicia)

Artista Paraíso Illa San Simón 2025

David Marín

Xestor cultura (Cataluña)

Director Nau Ivanow (Barcelona)

Euyín Eugene

Artista (Venezuela–Madrid)

Artista Residencias Paraíso 2025

Félix Fernández

Artista, músico e xestor cultural (Galicia). Co-coordinador Residencias Paraíso & Socio fundador RPM

Gena Baamonde

Artista e xestora cultural (Galicia)

Codirectora MIT Ribadavia

Iñaki Martínez

Comisario e xestor cultural (Galicia)

Codirector Festival Plataforma



Isabel Do Diego

Artista (Andalucía)

Artista Residencias Paraíso 2025

Isolda Comesaña

Artista (Galicia)

Artista Residencias Paraíso 2025

Jacobo Sutil

Xestor cultural (Galicia)

Director AGADIC

Javier Hernando

Artista (Castela e León–Madrid)

Artista Residencias Paraíso 2025

Laura Freire

Comisaria e xestora cultural (Galicia)

Co-responsable Sarao Gallery (Ferrol)

Laura Tabarés

Artista e xestora cultural (Castela e León–Galicia)

Co-coordinadora Leira (Lugo)

Marcia Vázquez

Artista e xestora cultural (Galicia)

Responsable Festival Escora (Costa da Morte)

Marta Alonso

Artista e xestora cultural (Galicia)

Directora Festival Abanea

Marta Azparren

Artista (Cataluña)

Artista Residencias Paraíso 2025

Mikolaj Bielski

Artista e xestor cultural (Madrid)

Director artístico Réplika Teatro (Madrid)

Natalia Balseiro

Xestora cultural (Galicia)

Mediación artística RPM 2024–2025

Natalia Fernandes

Artista (Brasil–Cataluña)

Artista Residencias Paraíso 2025





Néstor da Silva

Comisario e xestor cultural (Galicia)
Co-responsable Sarao Gallery (Ferrol)

Nieves Lema

Xestora Cultural (Galicia)
Técnica de Cultura Concello de Vimianzo

Olga Romasanta

Xestora e mediadora cultural (Galicia)
Coordinación Nodo galego PLANEA

Paula Moliner

Xestora cultural (Cataluña)
Coordinación de proxectos Graner (Barcelona)

Pilar Portela

Xestora cultural (Galicia). Directora do departamento de Música e Danza de AGADIC

Rie Okada

Xestora cultural (Xapón–Galicia)
Asesora internacional independente

Rocío Bello

Artista (Galicia–Madrid)
Artista Residencias Paraíso 2025

Rubén Vilanova

Fotógrafo e xestor cultural (Galicia)
Fotógrafo RPM | Co-fundador A Casa Vella (Amiadoso)

Rut Balbís

Artista e xestora cultural (Galicia) | Co-coordinadora Residencias Paraíso & Socia fundadora RPM

Sara Traba

Cineasta (Galicia)
Vídeo Residencias Paraíso

Suevia Rojo

Artista (Galicia–Portugal)
Artista Residencias Paraíso 2025



CO- LEC- TIVO RPM. GAL

Colectivo RPM é un colectivo de artistas vencellados á danza e as artes vivas que imaxina, diseña e acompaña distintos proxectos contextuais desde Galicia. Manteñen un claro compromiso polo diálogo interinstitucional e o impulso de iniciativas ao redor da creación contemporánea, a investigación e a visibilidade da comunidade artística da danza e as artes vivas. Ademais do acompañamento de artistas e procesos, o colectivo tamén xera diálogos e accións coas comunidades locais para achegar a práctica artística á cidadanía.

Dentro das liñas de acción do **Colectivo RPM** destaca o programa Residencias Paraíso que se estende fóra de Galicia na liña Cruceiros Paraíso que posibilita abrir liñas de colaboración con outros espazos estatais e internacionais.

EQUIPO PARAÍSO

Caterina Varela	Dirección
Félix Fernández	Coordinación
Rut Balbís	Coordinación
Alexis Fernández	Produción
Vicente Conde	Administración
Sara Traba	Vídeo
Maidier Jiménez	Vídeo
Rubén Vilanova	Fotografía
Luisa Castiñeira	Prensa

Un proxecto de Colectivo RPM
co financiamento da Xunta da Galicia, a través da
Axencia Galega das Industrias Culturais,
e de Acción Cultural Española



Coproducido polo Concello de Lugo, Concello de Vimianzo, Concello de Carballo,
Concello de Corcubiión, MIT (Concello de Ribadavia) e Fundación Cidade da Cultura de Galicia



Coa colaboración de

